



XUNTA DE GOBERNO

**SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DE TRES DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 15)**

Presidente:

D. Argelio Fernández Queipo

Sres. Deputados:

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Ónega

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as dez horas do día **tres de abril de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen-se os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria urxente convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. Darío Campos e os Sres. Deputados D^a. M^a. del Pilar García Porto, D^a. Mayra García Bermúdez e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA PRESENTE CONVOCATORIA.

Tendo en conta a necesidade de poñer en marcha os catamaráns, dentro do prazo que estaba previsto na programación para este exercicio 2019, dado que xa existen reservas para este mes de abril e é o compromiso do Ente provincial responder á demanda da cidadanía adecuadamente, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda ratificar o carácter urxente da sesión.

2.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SEGUROS NECESARIOS PARA A COBERTURA INTEGRAL DA FLOTA DE EMBARCACIÓNS PROPIEDAD DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recollen as seguintes consideracións xurídicas:

“Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación dos seguros necesarios para a cobertura integral da flota de embarcacións propiedade da Deputación de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato privado. Cualifícase como contrato privado, posto que a tenor do establecido no artigo 25.1. a da LCAP, terán carácter privado os contratos de servizos que teñan por obxecto servizos financeiros co n número de referencia CPV de 66100000-1 a 66720000-3.

Por tratarse dun contrato privado resúltalle de aplicación a normativa sobre contratación das administracións públicas, en canto a súa preparación e adxudicación, de conformidade co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

En canto os seus efectos e extinción, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), rexerase polas normas de dereito privado, sendo de aplicación a Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do Contrato de Seguro, e calquera disposicións de dereito privado que resultaren aplicables nesta disciplina.

As partes quedan sometidas, expresamente, ao establecido no PCAP, nos seus anexos, e no prego de prescricións técnicas particulares , que revestirán carácter contractual.

En caso de discrepancia entre o presente prego e o resto da documentación que reviste carácter contractual, prevalecerá este prego, sen perxuízo de aplicar o principio de especialidade en función dos aspectos ordenados .


Para o non previsto nos pregos, o contrato rexeráse pola Directiva 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP) polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), en todo o que non se opoña ao anterior a normativa posterior e as súas cláusulas derogatorias. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado. En canto aos efectos e extinción a lexislación de seguros e o dereito privado.

O anuncio de licitación foi publicado no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público) o día 01 de marzo de 2019. Xunto co anuncio de licitación publícanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e resto de documentación preparatoria

Recóllese no PCAP que o contrato será adxudicado mediante procedemento aberto simplificado “sumario”, (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP.

A mesa de contratación réunese o día 25-03-2019. Neste acto, segundo consta na acta que obra no expediente, En primeiro lugar, deuse conta, que segundo os datos que

constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:



A empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, concorre aos lotes 1 e 2, mentras que a empresa MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS), concorre ao lote 3.

Resultando que todas as empresas concorrentes presentan dentro de prazo as súas propostas, procédese á apertura dos sobres presentados, cos seguintes resultados:

En primeiro lugar ábrese o Lote 1, ao que se presenta únicamente a empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, cos seguintes resultados:

- O Anexo II aportado non está conformado pola representación dos traballadores na empresa (no caso de non ter representante dos traballadores, será asinada por dous traballadores,

dos que en todo caso deberá constar a súa identificación), conforme ao establecido nos artigos 61 e seguintes do Estatuto dos Traballadores e na cláusula 12.2 do PCAP.

- Non consta inscrición no ROLECE nin solicitude de inscrición no mesmo.
- A mesa de contratación califica os defectos detectados como subsanables, polo que acorda, requirir á empresa que enmende os amentados erros, concedendo a tales efectos un prazo de tres días hábiles, consonte ao establecido no artigo 141 da LCSP.

En segundo lugar, procédese á apertura do lote 2, ao que tamén se presenta unicamente a empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros. A documentación presenta os mesmos defectos que no lote 1, polo que se acorda requirir á empresa que se subsane nos mesmos termos que no lote anterior.

Por último procédese á apertura do lote 3, ao que se presenta unicamente a empresa MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS) cos seguintes resultados:

- O Anexo II aportado non está conformado pola representación dos traballadores na empresa (no caso de non ter representante dos traballadores, será asinada por dous traballadores, dos que en todo caso deberá constar a súa identificación), conforme ao establecido nos artigos 61 e seguintes do Estatuto dos Traballadores e na cláusula 12.2 do PCAP.

- Non consta inscrición no ROLECE nin solicitude de inscrición no mesmo

A mesa de contratación califica os defectos detectados como subsanables, polo que acorda, requirir á empresa que enmende os amentados erros, concedendo a tales efectos un prazo de tres días hábiles, consonte ao establecido no artigo 141 da LCSP.

Tanto a empresa HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros como a empresa MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS), acreditan o día 27 de marzo de 2019, ter solicitado a inscrición no

registro correspondente con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de ofertas, sendo esta acreditación suficiente consonte ao establecido na cláusula sétima, apartado segundo do PCAP, que recolle o seguinte:

“A partir do 9 de setembro de 2018, isto é, no período de seis meses computando de data a data, dende o 9 de marzo, todos os licitadores que se presenten a licitacións a través deste procedemento simplificado deberán estar inscritas nun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Oficial de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 159 e disposición transitoria terceira da LCSP).

No obstante, atendendo á recomendación da Xunta Central de Contratación Administrativa, <http://www.hacienda.gob.es/Documentacion/Publico/D.G.%20PATRIMONIO/Junta%20Consultiva/informes/RECOMENDACION%20N%202024-09-2018%20SIMPLIFICADO%20ROLECE%201%200.pdf>, e en aras a evitar a limitación da concorrência, principio esencial que inspira a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, para concorrer a la licitación, bastará con presentar xustificante de solicitude de inscrición no ROLECE, en aqueles casos nos que a empresa non se encontre inscrita.”

Polo que se refire á sinatura do Anexo II, o día 29 de marzo de 2019, tanto HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros como a empresa MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS), presentan escrito no que se recolle que renuncia a presentar o Anexo II requirido.

A este respecto, a cláusula 12.1 do PCAP recolle no que atinxe á forma de acreditar a consideración do fomento da contratación indefinida ou feminina o seguinte:

“A efectos de valorar este criterio as empresas licitadoras deberán aportar declaración responsable do seu administrador ou representante, conformado pola representación dos traballadores na empresa (no caso de non ter representante dos traballadores, será asinada por dous traballadores, dos que en todo caso deberá constar a súa identificación), conforme ao establecido nos artigos 61 e seguintes do Estatuto dos Traballadores”

Do tenor literal da cláusula despréndese que a conformidade por parte da representación dos tratalladores se configura como un requisito a efectos de valorar este criterio, non como requisito para a admisión ou rexeitamento da proposta presentada, polo que a ausencia dese requisito fixado no PCAP e aceptado polos licitadores, acarrearía, a xuízo do que subscribe a puntuación con 0 puntos no criterio de adxudicación segundo e terceiro, quedando as puntuacións como segue:

LOTE 1: SEGURO DE CASCO/MÁQUINA E EQUIPOS ELECTRÓNICOS DE NAVEGACIÓN							
LICITADOR	PRIMA OFERTADA	NOTA PRIMA OFERTADA MAX 90 PUNTOS	Fomento da contratación indefinida	NOTA MÁX 5 PUNTOS	Fomento da contratación feminina	NOTA MÁX 5 PUNTOS	NOTA TOTAL
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	8.442,87 EUROS	90 PUNTOS	NON AVALIADO	0 PUNTOS	NON AVALIADO	0 PUNTOS	90 PUNTOS
LOTE 2: SEGURO OBLIGATORIO DE VIAJEROS (SOVI)							
LICITADOR	PRIMA OFERTADA	NOTA PRIMA OFERTADA MAX 90 PUNTOS	Fomento da contratación indefinida	NOTA MÁX 5 PUNTOS	Fomento da contratación feminina	NOTA MÁX 5 PUNTOS	NOTA TOTAL
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	819,70 EUROS	90 PUNTOS	NON AVALIADO	0 PUNTOS	NON AVALIADO	0 PUNTOS	90 PUNTOS
LOTE 3: SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL (P & I)							
LICITADOR	PRIMA OFERTADA	NOTA PRIMA OFERTADA MAX 90 PUNTOS	Fomento da contratación indefinida	NOTA MÁX 5 PUNTOS	Fomento da contratación feminina	NOTA MÁX 5 PUNTOS	NOTA TOTAL
MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO, SOCIEDAD DE SEGUROS A PRIMA FIJA	EUROS	90 PUNTOS	NON AVALIADO	0 PUNTOS	NON AVALIADO	0 PUNTOS	90 PUNTOS

Deuse conta á mesa de contratación sobre este extremo o día 29 de marzo de 2019, acordando ésta por unanimidade aceptar o informe do Servizo de Contratación e Fomento e facelo seu, e consecuentemente continuar coa tramitación do procedemento propoñendo como adxudicatarias do lote 1 e 2 á mercantil HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, e como adxudicataria do lote 3 á empresa MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO, SOCIEDAD DE SEGUROS A PRIMA FIJA

Por resolución da Presidencia de data 29 de marzo de 2019, clasificouse aos licitadores presentados por orde de ponderación e acordouse requirir ás empresas HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros e MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS) a documentación á que se refire a cláusula décimo sétima do PCAP, en aplicación do previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP, no prazo máximo de 7 días hábiles (previsto no artigo 159.4 da LCSP). Na mesma data o Servizo de Contratación e Fomento cursou os pertinentes requirimentos.

O día 01 de abril de 2019 ás empresas HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros e MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS) atenderon o requirimento de documentación administrativa efectuado.

A cláusula 3 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares establece que o órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que as empresas HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros e MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SDAD SEGUROS A PF (MURIMAR SEGUROS), aportaron a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, propónse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o contrato de seguros necesarios para a cobertura integral da flota de embarcacións propiedade da Deputación de Lugo, expediente administrativo polos importes e a favor dos adxudicatarios que se relacionan:

LOTE 1: SEGURO DE CASCO/MÁQUINA E EQUIPOS ELECTRÓNICOS DE NAVEGACIÓN.			
LICITADOR	REPRESENTANTE	PRIMA OFERTADA	
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	D. ANTONIO LUÍS SOTO BENAVENTE	8.448.442,87 euros	
		DESGLOSE DE PRIMA POR EMBARCACIÓN	PRIMA
		PELEGRÍN I	507,18
		PELEGRÍN II	507,18
		PELEGRÍN III	507,18
		CAÑON DO SIL	845,30
		MENCIA.RODMAN R 53	6.076,03
LOTE 2: SEGURO OBLIGATORIO DE VIAJEROS (SOVI)			
LICITADOR	REPRESENTANTE	PRIMA OFERTADA	
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	D. ANTONIO LUÍS SOTO BENAVENTE	819,70 euros	
LOTE 3: SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL (P & I)			
LICITADOR	REPRESENTANTE	PRIMA OFERTADA	
MUTUA DE RIESGO MARÍTIMO, SOCIEDAD DE SEGUROS A PRIMA FIJA	D. ANTONIO LUIS PEÑAFIEL PAJUELO	8.231,62 euros.	

2º.- A cobertura do risco ten efectos dende, ás cero horas do día 01/04/2019, ás 24 horas do día 31/03/2020, data de inicio da cobertura dos seguros aínda que o acordo de contratación se adopta formalmente con posterioridade, a lexislación do Procedemento Administrativo Común que rexe o proceso de formación da vontade das Administracións Públicas na preparación e adxudicación dos contratos privados (Art. 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público polo que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/21/UE, de 26 de febreiro de 2014), permite en determinadas circunstancias outorgar efectos retroactivos aos actos ao abeiro do Artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que os supostos de feito necesarios existan xa na data a que se retrotrae a eficacia do acto, produzan efectos favorables do interesado (neste caso a asegurada é a Deputación Provincial) e non lesionan dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas. Entendemos que ponderando os intereses en xogo e a concorrencia dos requisitos legais, non existe impedimento para dar eficacia retroactiva á resolución de contratación da póliza de seguro dende o 01/04/2019. Tendo en conta ademais, que



en canto aos efectos e extinción se aplica o dereito privado; neste senso, o parágrafo segundo do artigo 6 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, do Contrato de Seguro, sinala que por acordo das partes, os efectos do seguro poderán retrotraerse ó momento no que se presentou a solicitude ou se formulou a proposición.

3º.- Instar á formalización do contrato a través da firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP e na cláusula décimo novena do PCAP, atendendo ao seguinte documento:

<table border="1"><tr><td>TIPO DE CONTRATO: PRIVADO (SERVIZOS)</td></tr><tr><td>PROCEDEMENTO: Aberto Simplificado sumario</td></tr><tr><td>TRAMITACIÓN: Ordinaria</td></tr><tr><td>LICITACIÓN ELECTRÓNICA: ☒ SI ☐ NON</td></tr></table>	TIPO DE CONTRATO: PRIVADO (SERVIZOS)	PROCEDEMENTO: Aberto Simplificado sumario	TRAMITACIÓN: Ordinaria	LICITACIÓN ELECTRÓNICA: ☒ SI ☐ NON
TIPO DE CONTRATO: PRIVADO (SERVIZOS)				
PROCEDEMENTO: Aberto Simplificado sumario				
TRAMITACIÓN: Ordinaria				
LICITACIÓN ELECTRÓNICA: ☒ SI ☐ NON				
OBXECTO DO CONTRATO: CONTRATACIÓN DOS SEGUROS NECESARIOS SEGUROS NECESARIOS PARA A COBERTURA INTEGRAL DA FLOTA DE EMBARCACIÓNS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE LUGO. LOTE				

Coñecemento e aceptación da adxudicación

INFORMACIÓN SOBRE O OPERADOR ECONÓMICO	
Nome:	
Número de identificación fiscal NIF	
Representación:	
Nome e apelidos; DNI	

Declaracións

O abaixo firmante declara formalmente que coñece e acata plenamente o documento de adxudicación da contratación cuxa descrición figura no encabezamento da presente declaración, e que foi aprobada na sesión da Xunta de Goberno de data .

A este efecto fai constar:

Que se compromete a realizar a prestación anteriormente especificada, con estrita observancia do establecido no PCAP e PPT, que serviron de base á convocatoria, e a oferta presentada.

A empresa adxudicataria oferta unha prima de euros.

Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP:

Cumprimento da normativa laboral, seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do contrato.

O contratista terá a obriga de acreditar con ocasión da finalización do contrato (nun prazo non superior a tres meses dende a expiración do mesmo), que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato.

Para efectuar esta acreditación debe aportar á administración contratante, declaración responsable na que se recolla este extremo.

A Administración resérvase a facultade de solicitar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, a fin de compatibilizar o exercicio deste control sobre unha obriga contractual cualificada como esencial e o período medio de pago a contratistas.

A comprobación do exposto nos apartados precedentes corresponde ao Responsable do contrato, asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.

As condicións especiais de execución cualificadas como obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211, letra f da LCSP son causa de resolución contractual, con especialidade do apartado seguinte.

A determinación desta cláusula é operativa a efectos de aplicar, de ser o caso, a causa de resolución contractual prevista no artigo 211.1 letra i da LCSP.

As condicións especiais de execución enunciadas e cualificadas como obrigas contractuais esenciais, resultan igualmente aplicables aos subcontratistas que podan efectuar prestacións consonte ao previsto no PCAP.

É condicións especial de execución a comprobación de pagos a subcontratistas ou subministradores (artigo 217 da LCSP):

Cada contratista ten a obriga de remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagamentos aos subcontratistas e/ou subministradores que participen no contrato (cláusula 30) dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación

De conformidade co establecido no artigo 202.3 e apartado 1 do artigo 192 da LCSP o incumprimento desta obriga, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, que se graduarán, en función da gravidade do incumprimento, sen que podan superar cada unha delas o 10% do prezo do contrato (IVE excluído) , ni o total delas o 50% dese prezo (IVE excluído) conforme ao artigo 192.1 da LCSP.

O contrato terá unha duración máxima de 1 ano, prorrogable por outro mais, contado dende a ás 00 horas do día 1 de abril 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dez horas e trinta e un minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.